

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DAS COMARCAS DO CONDADO E PARADANTA ADAPTA PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN CENTRO DE ATENCIÓN DIÚRNO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EJERCICIO 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta - ADAPTA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2023 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia das actuacións que a Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta - ADAPTA ten previsto desenvolver durante o ano 2023 para a execución dun proxecto consistente na reforma e ampliación para a posta en funcionamento dun Centro de Atención Diúrno Terapéutico Ocupacional para Persoas con Discapacidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da execución dun proxecto consistente na reforma e ampliación para a posta en funcionamento dun Centro de Atención Diúrno Terapéutico Ocupacional para Persoas con Discapacidade. En contrato a reforma fundaméntase na redistribución interior dos módulos da planta alta, para adaptalos exactamente as novas necesidades do centro, con criterios de funcionalidade, confort e accesibilidade actuais. O primeiro módulo dedicárase a atención diúrno terapéutico-Centro de Día, complementándose cos servizos actuais existentes na planta baixa, que conecta interiormente mediante un ascensor xa existente, e o segundo módulo (módulo oeste) dedicárase a centro terapéutico ocupacional-Centro Ocupacional

O interese público e social desta concesión queda acreditado pola necesidade de atender a un colectivo especialmente vulnerable como son as persoas con discapacidade por parte da beneficiaria da subvención, Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta - ADAPTA, entidade que conta actualmente con este recursos especializado.

Trátase dun recurso da comunidade autónoma de Galicia que atende persoas con problemas con discapacidade e por elo conta con profesionais e instalacións conforme ás necesidades das mesmas, de maneira que se estendan e se garantan, de acordo co



determinado no Compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de inclusión" os servizos de atención integral ás persoas con discapacidade e ás súas familias.

Por todo elo, e tendo en conta a finalidade que persigue o proxecto do Compoñente 22, recollido no Convenio de Colaboración do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, considérase que a entidade Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta - ADAPTA, atendendo ás singulares circunstancias que concorren na mesma, reúne todos os requisitos necesarios para executar o proxecto e alcanzar eficientemente o obxectivo da medida a realizar.

Deste xeito, tendo en conta a especificidade das características do proxecto que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixido así como a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

